



# **CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)**

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

## **ACTA DO PLENO ORDINARIO CELEBRADO POLA CORPORACIÓN DE NEGREIRA CON DATA DE 11 DE XANEIRO DE 2016.**

### **Asisten**

#### **Presidente**

Don Jorge Jesús Tuñas Caamaño

#### **Concelleiros/as**

Dona María Jesús Veiga Hortas

Don Manuel Angel Leis Míguez

Dona Flora Grille Novío

Dona María del Mar García Vidal

Don José Daniel Casal Leis

Don Juan José Rey Maceira

Dona María José Carballo Villar

Don Manuel Hombre Porto

Dona Lorena Rivas Rial

Don Marcelino García Pedrares

Don José Manuel López Lago

Dona María del Carmen Vieites Pardo

#### **Secretaria**

Dona Asunción García Laseca

No Salón de Sesiões do Concello de Negreira, sendo as vinte horas e cinco minutos do día de referencia, reúnese o Pleno da Corporación en sesión ordinaria de primeira convocatoria coa asistencia dos Sres. Concelleiros/as antes relacionados, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Jorge Jesús Tuñas Caamaño, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Asunción García Laseca.

Reunido o Pleno da Corporación cos requisitos formais esixidos polo vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico asa Entidades Locais do 28 de novembro de 1986, en particular co quorum de asistencia necesario, segundo dispón a referida norma a Presidencia declara aberta a sesión celebrándose con arranxo á seguinte orde do día:

### **PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS SEGUINTE:**

- ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 20 DE XULLO DE 2015.
- ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 14 DE SETEMBRO DE 2015.
- ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 9 DE NOVEMBRO DE 2015.
- ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DE DATA 23 DE NOVEMBRO DE 2015.

- **Acta do Pleno ordinario de data 20 de xullo de 2015:** Ó non haber intervencións a devandita acta é aprobada por unanimidade.
- **Acta do Pleno ordinario de data 14 de setembro de 2015:** Ó non haber intervencións a devandita acta é aprobada por unanimidade.
- **Acta do Pleno ordinario de data 9 de novembro de 2015:** Ó non haber intervencións a devandita acta é aprobada por unanimidade.
- **Acta do Pleno extraordinario de data 23 de novembro de 2015:** Ó non haber intervencións a devandita acta é aprobada por unanimidade.

**PUNTO SEGUNDO.- DAR CONTA DOS DECRETOS EMITIDOS POLA ALCALDÍA DENDE A DATA DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO: DENDE O DECRETO N°165/2015 ATA O DECRETO N° 196/2015, ÁMBOS DOUS INCLUSIVE.**

A Corporación dase por enterada.

### **ASUNTOS DE URXENCIA**

**ASUNTO DE URXENCIA 1º.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN SOLICITUDE DE ARRANXO DE CAMIÑO E OUTRAS ACTUACIÓNS.**

O **Sr. Hombre** da lectura ó contido da moción, que fai parte deste Acta como **Anexo I**, da cal xustifica a presentación por urxencia debido á ausencia dunha Xunta de Voceiros previa a este Pleno na que poidera ser anunciada.

Pola Presidencia **pásase a votación a urxencia da moción aprobándose ésta por unanimidade.**

Pola Presidencia ábrese a **quenda de intervencións**, producíndose as seguintes:

**Sr. García:** O camiño do que se solicita o arranxo, que é o que vai da casa de Lino de Vilar de Xallas ata a igrexa de Agrís, xa se atopaba en mal estado antes das fortes choivas destes días pasados, coas cales quedou impracticable.

No referente á colocación de tubos onde a casa de Laudino, mediante a solicitude preténdese que deixe de entrar o auga de choiva na vivenda.

**Sr. Alcalde:** Tomamos nota da petición, da cal trataremos de resolver en primeiro lugar o problema da canalización de auga xunto á casa de Laudino e, polo que se refire á reparación do camiño, incluírémolo nun plan de obras subvencionado.



## **CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)**

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Pola Presidencia, dase por rematada a deliberación, pasando o asunto a votación **aprobándose por unanimidade e adoptándose, en consecuencia, o seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Proceder ó arranxo do camiño sito entre a casa de Lino de Vilar de Xallas ata a Igrexa de Agrís, a través da inclusión da actuación nun Plan de infraestruturas subvencionado.

**Segundo.-** Efectuar a canalización precisa canda a vivenda de Laudino, que evite os danos que poidan producirse en época de choivas.

### **ASUNTO DE URXENCIA 2º.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR A PROL DO ASFALTADO DE DETERMINADOS CAMIÑOS DA PARROQUIA DE ALVITE.-**

O Sr. **Hombre** da lectura ó contido da moción, que fai parte deste Acta como **Anexo II**, da cal xustifica a presentación por urxencia debido á ausencia dunha Xunta de Voceiros previa a este Pleno na que poidera ser anunciada.

Ó longo da exposición do Sr. **Hombre** a Sra. **Grille** incorpórase ó Pleno.

Pola Presidencia **pásase a votación a urxencia da moción aprobándose ésta por unanimidade.**

Pola Presidencia ábrese a **quenda de intervencións**, producíndose as seguintes:

**Sr. Alcalde:** Trataremos de executar o asfaltado dos camiños que se solicita cando mellore o tempo

Pola Presidencia, dase por rematada a deliberación, pasando o asunto a votación **aprobándose por unanimidade e adoptándose, en consecuencia, o seguinte acordo:**

**Único.-** Proceder ó asfaltado dos camiños seguintes: camiño Braña da Pontella e camiño do Marco do Cornado.

### **ASUNTO DE URXENCIA 3º.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE LIBROS DE CARÁCTER ITINERANTE E FRECUENCIA SEMANAL .-**

O Sr. **Hombre** da lectura ó contido da moción, que fai parte deste Acta como **Anexo III**, da cal xustifica a presentación por urxencia debido á ausencia dunha Xunta de Voceiros previa a este Pleno na que poidera ser anunciada. Engade que trátase de ensaiar o resultado desta iniciativa, que proseguiría segundo a acollida que obtivera na poboación.

Pola Presidencia **pásase a votación a urxencia da moción aprobándose ésta por unanimidade.**

Pola Presidencia ábrese a **quenda de intervencións**, producíndose as seguintes:

**Sr. Hombre:** Os veciños poderían solicitar por correo electrónico os volumes que precisaran, que lle serían entregados polo persoal municipal o día que por quenda correspondera a visita á parroquia de que se tratare.

**Sr. Alcalde:** Pódese facer unha proba con dúas ou tres parroquias e continuar coas demais segundo os resultados.

Pola Presidencia, dase por rematada a deliberación, pasando o asunto a votación **aprobándose por unanimidade e adoptándose, en consecuencia, o seguinte acordo:**

**Único.-** Implantar, nas parroquias, un servizo de préstamo de libros de carácter itinerante e frecuencia semanal .

#### **ASUNTO DE URXENCIA 4º.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A CONSTRUCCIÓN DE NOVOS VESTIARIOS E CANTINA NAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE CEPELO .-**

O **Sr. Hombre** da lectura ó contido da moción que fai parte deste Acta como **Anexo IV** e da cal xustifica a presentación por urxencia debido á ausencia dunha Xunta de Voceiros previa a este Pleno na que poidera ser anunciada.

Pola Presidencia **pásase a votación a urxencia da moción aprobándose ésta por unanimidade.**

Pola Presidencia ábrese a **quenda de intervencións**, producíndose as seguintes:

**Sra. Vieites:** Fai meses plantexouse a necesidade de elaborar un Proxecto coas finalidades que se detallan na moción.

**Sr. Alcalde:** As reclamacións entorno á nova cantina eran as máis numerosas, polo que pretendíamos incluíla no PAS, como fin de proceder ó seu peche, deixando para medio ou longo prazo á execución do proxecto máis ambicioso que abaricara vestiarios e cantina, tendo en conta os problemas que, para a adquisición da parcela necesaria, poderían plantexarse coa familia titular da mesma.

**Sr. Hombre:** Propoño que a moción que presenta o Grupo Popular neste intre se asuma por tódolos Grupos Políticos Municipais coa finalidade de construír novos vestiarios e cantina.

**Sra. Carballo:** A curto prazo non se pode contar co terreo necesario para a execución desta obra.



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

**Sr. Alcalde:** A iniciativa que pode someterse a votación pasa pola redacción dun Proxecto Técnico de construción de cantina e vestiarios.

Pola Presidencia, dase por rematada a deliberación, pasando o asunto a votación **aprobándose por unanimidade e adoptándose, en consecuencia, o seguinte acordo:**

**Único.-** Que se redacte un Proxecto Técnico relativo á construción de novos vestiarios e cantina nas instalacións do campo de fútbol de Cepelo .

### **ASUNTO DE URXENCIA 5º.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A INSTALACIÓN DE CAMBIABEBÉS NA CASA DE CULTURA.-**

O **Sr. Hombre** da lectura ó contido da moción, que fai parte deste Acta como **Anexo V**, da cal xustifica a presentación por urxencia debido á ausencia dunha Xunta de Voceiros previa a este Pleno na que poidera ser anunciada.

Pola Presidencia **pásase a votación a urxencia da moción aprobándose ésta por unanimidade.**

Pola Presidencia ábrese a **quenda de intervencións**, producíndose as seguintes:

A **Sra. Veiga** sinala a necesidade de prestación do mesmo servizo na Bebeteca, o cal considera a Corporación como merecedor de inclusión da proposta de acordo.

Pola Presidencia, dase por rematada a deliberación, pasando o asunto a votación **aprobándose por unanimidade e adoptándose, en consecuencia, o seguinte acordo:**

**Único.-** Instalar cambiabebés tanto na Casa da Cultura como na Bebeteca.

### **ASUNTO DE URXENCIA 6º.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN APOIO DA SOLICITUDE FORMULADA POLA ASOCIACIÓN VECIÑAL DE SAN EUTELO DE LOGROSA.-**

O **Sr. Hombre** da lectura ó contido da moción que fai parte deste Acta como **Anexo VI** e da cal xustifica a presentación por urxencia debido á ausencia dunha Xunta de Voceiros previa a este Pleno na que poidera ser anunciada.

Pola Presidencia **pásase a votación a urxencia da moción aprobándose ésta por unanimidade.**

Pola Presidencia ábrese a **quenda de intervencións**, producíndose as seguintes:

Por parte do **Sr. Hombre** sinalase que, con data de hoxe, a Asociación Veciñal San Eutelo de Logrosa formula solicitude ó Concello cara á obtención da máxima bonificación nos impostos e taxas municipais que procedan, en relación coa execución da obra de mellora nas paredes interiores da igrexa de Logrosa.

**Sra. Secretaria:** A ausencia do Sr. Interventor deste Pleno implica que se descoñeza se o asunto pode aprobarse hoxe ou ben se cumpriría o seguir outro procedemento, coa eventual inclusión dun novo acordo plenario.

**Sr. Alcalde:** Neste caso propoño a adopción do acordo coa condición de que se siga o procedemento fixado pola normativa que regula o asunto.

Pola Presidencia, dase por rematada a deliberación, pasando o asunto a votación **aprobándose por unanimidade e adoptándose, en consecuencia, o seguinte acordo:**

**Único.-** Acceder ó solicitado pola AA.VV. San Eutelo de Logrosa, condicionado ó cumprimento do procedemento que se prevea ó efecto na normativa correspondente.

#### **PUNTO SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS**

**Sr. Hombre:** Solicitamos se realice unha cuberta para a pista e parque do Coto

**Sr. Alcalde:** Existe a alternativa de alugar un baixo para a mesma finalidade.

**Sr. Hombre:** Solicitamos se proceda á urbanización da rúa do Tambre.

**Sr. Hombre:** Solicitamos que os servizos técnicos municipais elaboren Memorias e Proxectos para as Asociacións que as precisen para obter subvencións de cara aos proxectos que pretendan levar a cabo.

**Sr. Alcalde:** Non hai ningún inconveniente sempre que se preserve a preferencia para os Proxectos do Concello suxeitos a subvención e prazos de presentación.

**Sr. López:** Solicitamos que se fixe a data para celebrar unha reunión para tratar o tema da taxa do lixo.

**Sr. Alcalde.** Plantexo a posibilidade de celebración da xuntanza o próximo xoves, 21, ás 20.00 horas.

**Sra. Vieites:** Será necesario dispor do Informe de Intervención sobre o custo do servizo.

**Sr. López:** Solicitamos que se fixe a data para a formación da Comisión de Festas.

**Sr. Alcalde:** Farase un chamamento público a fin de que acuda a cidadanía para plantexar as súas iniciativas.

**Sr. López:** Ampliarase o horario da Biblioteca para poder estudar nela? Dónde vai a estar ubicado o espazo destinado ó estudio?



## CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50  
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: [correo@concellodenegreira.es](mailto:correo@concellodenegreira.es)

**Sr. Alcalde:** Estarán a disposición dos estudantes dúas aulas informáticas máis a dos pequenos, a partir de mediados do próximo mes de febreiro, que é cando nos informan que as precisan.

**Sra. Carballo:** Cómo van as xestións para conseguir unha xuntanza co Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria cara a consecución dun novo CEIP para este municipio?

**Sr. Alcalde:** Está a ser difícil o asunto, o que nos parece unha falta de respecto do Conselleiro hacia este Concello, e que nos está a obrigar a solicitar a entrevista co segundo da escala xerárquica da Consellería.

**Sra. Carballo:** Solicitaranse macetas para colocar no CEIP, cando chegan?

**Sr. Alcalde:** O pedido está feito.

**Sra. Carballo:** Compre colocar uns estores que se adquiriron para o CEIP.

**Sr. Leis:** A semana pasado estiveron a facer varios arranxos en persianas e outros elementos do CEIP, supoño que nese intre se colocarían.

**Sra. Carballo:** O venres pasado non estaban.

**Sr. Alcalde:** Llo comunicaremos ó Capataz da Brigada de Obras.

A **Sra. Veiga, Voceira do Equipo de Goberno**, lee a resposta á pregunta formulada pola oposición no Pleno Ordinario anterior:

**Resposta á pregunta formulada polo Sr. Hombre:** Non hai ningún Convenio asinado, senón un acordo verbal cos propietarios do terreo para a execución das actuacións, que non tiveron custo económico, xa que a terra foi aportada por Espina & Delfin S.L., procedente das cercanías do tanque de tormentas da EDAR en construción, e o allanamento da zona efectuouse con equipamento municipal. Contou coa supervisión técnica do Arquitecto Municipal.

No referente á rúa lindante co Hotel Millán, a situación permanece invariada pola falta de partida orzamentaria.

***E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o que eu como Secretaria certifico.-***

Vº e Prace  
O Alcalde



A Secretaria









**populares**  
NEGREIRA

ANEXO I. - PLENO ORDINARIO  
11 ENERO 2016

A U. I. 2

O Grupo Municipal do Partido Popular, ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno polo trámite de Urgencia.

### Xustificación da urxencia

Dado que non houbo reunión de voceiros este grupo municipal non ten outra maneira que utilizar este método para a resentación desta moción.

### Exposición de motivos

Debido ao seu estado na parroquia de Xallas solicitamos ao pleno municipal o arranxo do camiño entre a casa de Lino de Vilar de Xallas ata igrexa de Agrís.

E a colocación de tubos onde a casa de Laudino por mor dos estragos que causa a auga nesa zona.





**populares**  
NEGREIRA

ANEXO II. - PLENO ORDINARIO  
11 - ENERO - 2016. -

A.U. 2ª

O Grupo Municipal do Partido Popular, ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno polo trámite de Urgencia.

### **Xustificación da urxencia**

Dado que non houbo reunión de voceiros este grupo municipal non ten outra maneira que utilizar este método para a resentación desta moción.

### **Exposición de motivos**

Debido ao seu estado na parroquia de Alvite solicitamos ao pleno municipal o asfaltado do camiño Braña da Pontella e o asfaltado do camiño Marco do Cornado.





**populares**  
NEGREIRA

ANEXO III - PLENO ORDINARIO  
11- XANEIRO - 2016  
A.D.15

O Grupo Municipal do Partido Popular, ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno polo trámite de Urgencia.

### Xustificación da urxencia

Dado que non houbo reunión de voceiros este grupo municipal non ten outra maneira que utilizar este método para a resentación desta moción.

### Exposición de motivos

A distribución do noso municipio fai que as parroquias teñan peor acceso aos servizos do casco urbano é por isto que propoñemos ao pleno un servizo de préstamo itinerante semanal, aproveitando os locais sociais e que consistiría en achegar ás parroquias semanalmente un préstamo de libros,alguns se poderían solicitar aproveitando ás tecnoloxías actuais e outros métodos existentes e sería simplemente entregalos e outros se prestarían no mesmo sitio dunha preselección feita polo persoal municipal.



O Grupo Municipal do Partido Popular, ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno polo trámite de Urgencia.

### Xustificación da urgencia

Dado que non houbo reunión de voceiros este grupo municipal non ten outra maneira que utilizar este método para a resentación desta moción.

### Exposición de motivos

As intalacións do campo municipal de Cepelo soportan unha gran cantidade de partidos e entrenos, polo que a capacidade dos vestiarios debido a súa antiguedade a pesares de melloras feitas neles, vese seriamente comprometida.

É por isto que propoñemos ao pleno a realización dun proxecto de novos vestiarios así como a súa construción. Este grupo municipal estará máis que disposto a colaborar e apoiar ao goberno en todo o que nos solicite neste asunto.







**populares**  
NEGREIRA

ANEXO IV - PLENO ORDINARIO  
11-XANEIRO - 2016

A.D. 4º

O Grupo Municipal do Partido Popular, ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno polo trámite de Urgencia.

### Xustificación da urxencia

Dado que non houbo reunión de voceiros este grupo municipal non ten outra maneira que utilizar este método para a resentación desta moción.

### Exposición de motivos

Sendo os ingresos da cantina de Cepelo unha das fontes de financiación das categorías inferiores da S.D. Negreira e vista a demanda por parte dos responsables do club da construción dunha nova.

É polo que solicitamos ao pleno a construción dunha nova para axudar con mellores instalacións tanto aos voluntarios que a atenden coma ós usuarios.

Corresponde ao goberno municipal o planeamento e realización da obra, pero este grupo pensa que non sería necesaria unha gran obra se non algo funcional e de optarse por calquera dos métodos de construción prefabricados sería económica e rápida de facer entendemos que neste ano.





**populares**  
NEGREIRA

ANEXO I PLENO ORDINARIO  
II - XANEIRO - 2016

A.U. 5º

O Grupo Municipal do Partido Popular, ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno polo trámite de Urgencia.

### Xustificación da urgencia

Ao non ter reunión de voceiros (polo menos a este grupo non se lle chamou) Non se puido presentar mocións para a súa inclusión na orde do día.

### Exposición de motivos

Non son poucos os actos que se celebran no auditorio da casa da cultura aos que acoden cada vez máis pais cos seus nenos, moitos deles acompañados por bebés é por isto que solicitamos ao pleno a instalación de cambia bebés nos baños da primeira planta do salón de actos.



O Grupo Municipal do Partido Popular, ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno polo trámite de Urgencia.

### Xustificación da urxencia

A asociación de Veciños San Eutelo de Logrosa presentou a petición de exención da taxa de obras da ordenanza fiscal en vigor e dado que se ten que aprobar en pleno e que existe un prazo para a execución da obra queremos que se inclua este punto na orde do día para proceder a súa votación

### Exposición de motivos

A AA.VV.SAN EUTELO DE LOGROSA procederá a realizar obras de mantemento na igrexa da citada parroquia, polo que solicita ao amparo da ordenanza fiscal en vigor a máxima exención posible de dita taxa

